

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL EN GALICIA - 2023

Axuda para mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas incluídas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)



Persoas empregadoras e empresas beneficiarias

Persoas empregadoras e empresas, **calquera que sexa a forma xurídica que adopten**, incluídas as **persoas autónomas** que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestaren servizos en centros de traballo radicados en Galicia.



Gastos subvencionables

A contratación* por conta allea de persoas mozas, **cunha duración mínima de 9 meses e a xornada completa**, en calquera das seguintes modalidades:

- Contrato indefinido.
- Contrato de formación en alternancia.
- Contrato para a obtención da práctica profesional.

Para que a contratación sexa subvencionable a persoa traballadora necesariamente recibirá unha formación en competencias brandas que complementen a súa inserción laboral futura, cun mínimo 50 horas. Esta formación compatibilizarase co traballo efectivo.

 * No caso de novas contratacións, o período para realizalas será de **vinte días hábiles** a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda, e en **todo caso antes do 30/09/2023**.



Contía do incentivo

Incentivo único **por cada persoa moza** contratada segundo as modalidades anteriores.

9.000€

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL EN GALICIA - 2023



Documentación a presentar coa solicitude

Ademais do [Anexo I](#) dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, xunto coa solicitude debe presentarse a seguinte [documentación complementaria](#):

- [Acreditación da representación](#) por calquera medio válido en dereito, no caso de actuar mediante representante (excepto inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia).
- No caso de que a solicitude se realice para [contratos preexistentes](#):
 - [Anexo III asinado por cada unha das persoas mozas contratadas](#), declarando que non traballou nin recibiu ningunha acción formativa e/ou educativa no día inmediatamente anterior ao da selección e ao da contratación.
 - [Partes de alta](#) na Seguridade Social xunto co [informe de datos de cotización \(IDC\)](#).
- Declaración responsable que [contén a solicitude](#) facendo constar, entre outros:
 - O [conxunto de axudas](#) solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Ter [domicilio fiscal en Galicia](#).
 - A [veracidade](#) dos datos incluídos na solicitude.



Requisitos para a selección e contratación das persoas mozas

A selección das persoas mozas pode realizarse [directamente pola persoa empregadora ou empresa beneficiaria](#), ou a través da presentación de [oferta de emprego na oficina de emprego](#) que corresponda.

En todo caso, [para que as contratacións sexan subvencionables](#), as persoas mozas deberán cumprir os seguintes requisitos [tanto no momento da selección como no da contratación](#):

1. [Ter feitos os 16 anos e non superar a idade máxima](#) que establece a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
2. Deberán ser [persoas desempregadas inscritas](#) no Servizo Público de Emprego de Galicia [en ocupacións relacionadas coa oferta de emprego](#) que se presente ao abeiro destes incentivos.
3. [Estar inscritas e ser beneficiarias](#) no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito de Galicia.
4. [Non estar traballado nin participando en formación](#) o día inmediatamente anterior á selección e á contratación (corresponde á persoa ou empresa beneficiaria comprobar este aspecto no caso de selección directa).

Acceso á ficha da
sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 2006|2023